

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO ORDINARIO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2023

## TITULO Iº.-PRINCIPIOS RECTORES

### BASE 1ª.- ORZAMENTO XERAL.-

1º.- O Orzamento Xeral ordinario do Consorcio de Augas de Valdeorras para o ano 2023 comprende o seguinte:

#### ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS :

<u>Estado de Gastos:</u>	<u>Estado de Ingresos</u>
<b>1.865.000,00 €</b>	<b>1.865.000,00 €</b>

2º.- As presentes Bases forman parte do Orzamento Xeral, sendo de obrigada observancia e cumprimento polo Consorcio. O que non quede regulado nestas Bases se supeditarán ao estipulado nas Bases de execución dos orzamentos da entidade da que depende, neste caso, a Deputación Provincial de Ourense.

Fundamento Legal TRLRHL art. 165.1-R.Decreto 500/90 art. 5 a 9, 12 a 14, 115 a 118.

### BASE 2ª.- VIXENCIA, PUBLICACIÓN E EFICACIA.- PUBLICIDADE.

1º.-O Orzamento Xeral e as súas bases teñen vixencia por un exercicio económico, que coincidirá co ano natural.

2º.-Calquera que sexa a data da súa aprobación definitiva, expresa ou tácita, a súa entrada en vigor verase demorada ata a efectiva publicación nos BOP que procedan. Definitivamente aprobado el orzamento, este entrará en vigor e producirá os seus efectos desde o 1 de Xaneiro de 2023.

3º.-Desde a aprobación definitiva do orzamento ata a finalización do exercicio, manterase unha copia do mesmo e da súa documentación complementaria a disposición do público a efectos informativos. Dita documentación ampliarase coas modificacións orzamentarias definitivamente aprobadas.

-----

Fundamento legal.-TRLRHL art. 169.-R.D.500/90 art. 20.3 e 5, art. 21.7

### BASE 3ª.-ESTRUCTURA E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.-

1º.-O Orzamento Xeral axústase na súa estrutura ó disposto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orden EHA 3565/2008 de 3 de decembro.

Os ingresos clasifícanse atendendo á súa natureza económica e desglosados a nivel de Subconcepto.

Os gastos clasifícanse por programas e economicamente.

Os créditos para gastos clasifícanse co seguinte detalle:

a/Programa:

área de gasto, política de gasto e grupo de programa.

b/Económica:

Capítulo, Artigo, Concepto, Subconcepto.

2º.-A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica e é a unidade sobre a que se efectuará o rexistro contable das operacións de execución de gastos. O control fiscal efectuarase sobre o nivel de vinculación establecido nas presentes bases.

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

Fundamento Legal TRLRHL art. 167.-

## **BASE 4ª.-ESPECIALIDADE DOS CRÉDITOS.- VINCULACIÓN XURÍDICA.**

1º.- Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que teñan sido concedidos polo órgano competente do Consorcio, tanto se o teñen sido ó aprobar o orzamento ou as modificacións do mesmo.

Na xestión do Orzamento de Gastos observaranse as limitacións cuantitativas e cualitativas que resulten do principio de especialidade dos créditos, dentro do nivel de agregación que constitúe a vinculación xurídica.

2º.-Para unha mellor xestión do Orzamento de Gastos, considérase necesario establecer a seguinte vinculación dos créditos orzamentarios:

### A/ REGLA GENERAL

Para la clasificación por programas.- grupo de programa.

Para la clasificación económica.- O Capítulo.

2º.-Conforme o establecido na regra 3ª da Circular da Intervención Xeral da Administración do Estado de 11/03/1985, poderanse realizar imputacións contables ó concepto ou conceptos dun artigo aínda que non figuren abertos na contabilidade de gastos por non contar con dotación orzamentaria. En todo caso, no documento ó que se una o soporte documental do gasto efectuado, extenderáse polo Interventor unha dilixencia, que indicará: "Primeira operación imputada ó concepto, ó amparo do artigo 2º da Lei 50/84".

Fundamento Legal.- TRLRHL art. 167, 172; R.D. 500/90 art. 24,25,28,29

## TITULO IIº.-DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

### CAPITULO Iº.-NORMAS XERAIS

#### **BASE 5ª.-ACTUACIÓNS PREVIAS.-**

1º.- Antes de proceder a incoar expediente de calquera modalidade de modificación orzamentaria, verificarase pola Intervención de Fondos, que están esgotadas as posibilidades de xestión que permite a vinculación xurídica establecida na base 4ª.

Os efectos de determinar a suficiencia de crédito na bolsa de vinculación xurídica entenderase que tódalas partidas de gastos están abertas, aínda que o importe do crédito sexa de 0 €.

2º.- As modificacións de crédito aprobadas pola Asamblea, non serán executivas ata que se teña cumprido o trámite de publicidade inicial e transcurso do prazo para a aprobación definitiva.

As modificacións de crédito aprobadas por órgano distinto da Asamblea do Consorcio serán executivas desde a adopción do acordo de aprobación.

Todo expediente de modificación será informado antes da adopción da resolución que proceda, polo órgano de Intervención.

Fundamento Legal.-TRLRHL art. 172; R.D.500/90 art. 34 e ss;

#### **BASE 6ª.-MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS: MODALIDADES.-**

1º.- O Consorcio de Augas de Valdeorras poderá realizar as modificacións nos seus estados de gastos e ingresos que se especifican na presente base. En todo caso se respetará o principio de equilibrio orzamentario.

2º.-As modificacións orzamentarias serán de dous tipos:

A/ Modificacións de tramitación ordinaria:

Serán obxecto deste modo de tramitación os seguintes expedientes:

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

- A.a.- Créditos extraordinarios.
- A.b.- Suplementos de crédito.
- A.c.- Transferencias de crédito, que afecten a partidas de distintos grupos de programa; salvo que afecten a créditos de persoal.

## B/ Modificación de tramitación simplificada:

Serán obxecto deste tipo de tramitación os seguintes expedientes:

- B.a.- Ampliacións de crédito.
- B.b.- Xeracións de crédito por calquera causa.
- B.c.- Transferencias de crédito entre o mesmo grupo de programa.
- B.d.- Incorporación de Remanentes de crédito.

3º.- A contabilidade das operacións de modificación de créditos realizarase conforme ó establecido na Instrución de Contabilidade para Entidades de máis de 5.000 habitantes. Se a operación se financiase con Remanente Líquido de Tesourería, contabilizarase no concepto de ingresos 870.

Fundamento Legal.-R.D 500/90 art. 24 a 51

## **CAPITULO IIº.-MODIFICACIÓN DE PROCEDIMIENTO ORDINARIO**

### **BASE 7ª.-PROCEDIMIENTO ORDINARIO.-**

1º.- As modificacións obxecto de procedemento ordinario serán aprobadas inicial e definitivamente pola Asamblea do Consorcio.  
O procedemento de tramitación e o réxime de exposición pública, publicacións e recursos serán os establecidos na Lei 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, para a tramitación do Orzamento.

Poderá realizarse nun único edicto o primeiro e segundo anuncio relativo á modificación efectuada. En todo caso, farase constar en dito anuncio que a eficacia do segundo anuncio subordínase á non presentación de reclamacións e, en caso de habelas, entenderase por non posto.

No anuncio farase constar a data a partir da cal pode presentarse contra o acordo os recursos que procedan.

Fundamento Legal.- R.D. 500/90 art. 20,37.3 e 40.3

### **BASE 8ª.-CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-**

1º.- Cando deba realizarse un gasto específico e concreto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non existira crédito a nivel de vinculación xurídica, incoarase expediente de modificación orzamentaria a través de crédito extraordinario.  
Se existira crédito, pero este fora insuficiente, tramitarase expediente de suplemento de crédito.

2º.- O expediente de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito terá:

A/ Memoria xustificativa suscrita polo Presidente, que precisará:

Tipo de modificación a realizar.

Partidas orzamentarias ás que afecta.

Recursos cos que se financia.

Carácter específico e concreto do gasto a realizar e imposibilidade de demoralo a outros exercicios.

Inexistencia ou insuficiencia de crédito, segundo os casos, referida a nivel de vinculación xurídica.

Medios de financiación que se propoñen;\_que poderán ser:

Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

Novos ou maiores ingresos recadados nalgún concepto do Orzamento de ingresos.  
Operacións de crédito, exclusivamente para inversión.

B/Acreditación da existencia de:

Acordo inicial da Asamblea do Consorcio.

Exposición pública.

Acordo definitivo, se procede.

Remisión de copias a CC.AA e M.E.F

3º.- Os expedientes, aprobados inicialmente pola Asamblea do Consorcio, expóranse ó público durante quince días naturais, podendo os interesados presentar reclamacións. Se durante el citado período non se tiveran presentado reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, en outro caso, deberá resolver o Pleno nun prazo dun mes contado desde a finalización da exposición ó público.

4º.- Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito financiaranse con un ou varios dos recursos que neste punto se enumeran:

- Remanente líquido de Tesourería.
  - Novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
  - Anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
- Os gastos de inversión aplicables ós capítulos VIº y VIIº tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito.

Fundamento legal.-TRLRHL art. 177; R.D 500/90 art. 20,22,30,34.a e b,35 a 39

## **BASE 9ª.-TRASFERENCIAS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.-**

1º. - Tramitarase esta modificación por procedemento ordinario, cando razoablemente se teña previsto a realización dun gasto para o que non exista crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica.

O expediente financiarase mediante traspaso do importe total ou parcial dos créditos dispoñibles nunha ou máis partidas de distinta área de gasto.

2º.- O expediente incoarase por orde da Presidencia e será elevada á Asamblea do Consorcio para a súa aprobación.

O expediente conterà como mínimo:

Memoria xustificativa.

Informe de Intervención, que como mínimo expresará o cumprimento dos seguintes requisitos:

Existencia de crédito suficiente das partidas que o ceden e certificado de retención (RC)

Cumprimento do preceptuado no artigo 41.1 do Real Decreto 500/90, salvo que se trate de programas de imprevistos e funcións non clasificadas, ou resulten de organizacións administrativas acordadas pola Asamblea.

Fundamento Legal.-TRLHL art. 179 e 180; R.D. 500/90 art. 31, 32, 41, 42; R.Decreto 1174/87 art. 4.1.g.

## **CAPITULO IIIº.-MODIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO**

### **BASE 10ª.-PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO.-**

1º.- Tódalas modificacións orzamentarias que se tramiten por este procedemento serán aprobadas pola Presidencia.

2º.- As resolucións adoptadas serán inmediatamente executivas, sen necesidade de publicidade.

Fundamento Legal.- TRLRHL art. 179 e 180

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

## **BASE 11ª.-CRÉDITOS AMPLIABLES.-**

1º.- Teñen a consideración de ampliables os créditos que se relacionen expresamente nas bases de execución e no estado de gastos do orzamento.

2º.- A ampliación de créditos require expediente no que se acredite o recoñecemento de maiores dereitos e a súa contía.

Fundamento Legal.-TRLRHL art. 178; R.Decreto 500/90 art. 39.

## **BASE 12ª.-TRASFERENCIAS SIMPLIFICADAS DE CRÉDITO.-**

1º.- Será obxecto de procedemento simplificado as transferencias de crédito que afecten a gastos dentro da mesma área de gasto ou ás transferencias para gastos de persoal, aínda que estas sexan de distinta área de gasto.

2º.- O expediente a tramitar conterá:  
Proposta da Presidencia, sobre as aplicacións a incrementar e as que deberán ceder crédito.  
Informe da Intervención que concretará para as partidas que cedan crédito a suficiencia do mesmo a nivel de vinculación xurídica e da propia aplicación específica.  
Axuntarse así mesmo certificado de retención para transferencias (RC)

Fundamento Legal.-TRLRHL art. 179 e 180; R.D.500/90 art. 31, 32, 40, 41; R.D 1174/87 art. 4.1.g

## **BASE 13ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS.-**

Poderán xerar crédito nos Estados de Gastos do Orzamento Xeral deste Consorcio os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:  
Apartacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar xunto co Consorcio de Augas de Valdeorras, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos do Consorcio.  
Prestación de servizos.  
Reembolsos de préstamos.  
Reintegro de pagos indebidos con cargo o orzamento corrente, en canto oa reposición do crédito na correspondente contía.

Nestes dous derradeiros supostos, o crédito xerárase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade destes créditos estará condicionada á súa efectiva recadación.

**Os expedientes tramitaranse por orde da Presidencia e unirase ó mesmo informe da Intervención, en que conste:**

- \* A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- \* Os conceptos de ingreso nos que se teña producido o ingreso ou o compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial.
- \* As partidas Orzamentarias afectadas no Estado de Gastos ó crédito xerado a consecuencia dos ingresos, o que no seu caso poderá esixir a oportuna comunicación do servizo interesado.

Fundamento Legal.-TRLRHL 181; R.D 500/90 arts 43 a 47.

## **BASE 14ª.-INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.-**

1º.- Serán incorporados con carácter obrigatorio e prioritario tódolos remanentes do exercicio anterior que respondan a proxectos financiados con ingresos afectados, salvo que se desista total ou parcialmente, de iniciar ou continuar o gasto ou resulte imposible a súa realización.

O financiamento realizarase cos seguintes recursos, por orde de preferencia:

- a/ Remanente líquido de Tesourería afectado a gastos con financiamento afectado.
- b/ Subsidiariamente recorrerase a:

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

\*Remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

\*Novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

Os créditos financiados con recursos afectados non lles serán de aplicación as regras de limitación do número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

2º.- Poderán incorporarse por un solo exercicio e pola contía dos créditos que estean en situación de dispoñibles, os seguintes Remanentes de crédito:

Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias definitivamente aprobados no último trimestre do exercicio anterior. A incorporación será soamente para a finalidade para a que foron aprobados.

Créditos que cubran compromisos ou disposicións de gastos, durante o exercicio anterior.

Créditos por operacións de Capital.

3º.- A incorporación de Remanentes de crédito esixirá a tramitación do correspondente expediente, que deberá de acreditar para cada caso os documentos que demostren a certeza da correspondente execución durante o exercicio.

O documento ou documentos anteriores poderán substituírse por informes razoados do Sr.Presidente.

4º.- A incorporación de Remanentes a financiar con maiores ingresos comprometidos e afectados, non requirirá a previa aprobación da Liquidación do Orzamento nin a determinación do Remanente de Tesourería.

O expediente será aprobado polo Sr. Presidente.

Fundamento Legal.- TRLRHL art. 182; R.D.500/90 art. 47,48,98 a 100; Instrución de Contabilidade aprobada por Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, que sustitue e deroga á Orden EHA/4041/2004 de 23 de novembro

## **BASE 15ª.-CRÉDITOS NON INCORPORABLES.-**

En ningún caso poderán incorporarse ó exercicio seguinte os créditos, que declarados non dispoñibles pola Asamblea, continúen na mesma situación na data de liquidación do Orzamento.-

## **CAPITULO IVº.-BAIXAS POR ANULACION**

### **BASE 16ª.-BAIXAS POR ANULACIÓN.-**

1º.- Cando o Sr. Presidente estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo a que afecte, poderá ordear-lo incoación do expediente de baixa por anulación. En dita resolución precisaranse as partidas afectadas e a contía do crédito que se pretende anular.

Ditada a resolución e unha vez teña coñecemento da mesma a Intervención, procederase á inmediata retención dos créditos afectados.

2º.- A través desta modificación Orzamentaria poderanse financiar:  
Remanente líquido de Tesourería negativo que resulte da liquidación do exercicio anterior.  
Créditos extraordinarios e suplementos de crédito  
A execución doutros acordos da Asemblea.

3º.-Para a aprobación de expedientes de baixa por anulación, observaranse os seguintes requisitos:

- a/ Iniciación do expediente pola Presidencia ou pola Asemblea.
- b/ Informe de Intervención
- c/ Retención dos créditos
- d/ Ditame e acordo plenario

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

Fundamento Legal.-R.D. 500/90 art. 49 a 51, TRLHL art. 175

## TÍTULO IIIº.-DOS CRÉDITOS DO ESTADO DE GASTOS

### CAPITULO Iº.-CRÉDITOS E FASES DOS GASTOS

#### BASE 17ª.- LÍMITES QUE AFECTAN ÓS CRÉDITOS.- SITUACIÓNS:

1º.- Os créditos do Estado de Gastos teñen carácter limitativo e vinculante, a nivel da vinculación xurídica establecida na base 4ª das presentes bases.

**Solo poderán contraerse obrigas derivadas de gastos realizados no exercicio, coas seguintes excepcións:**

a/ Obrigas a favor do persoal relativas a atrasos, que serán recoñecidos polo Presidente.  
b/ As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. Cando se trate de gastos financiados con ingresos afectados.

2º.- A situación ordinaria dos créditos é a de dispoñíbeis (0030).

3º.- Os créditos pasarán á situación de non dispoñíbeis (0039) por acordo asembleario. Para a súa reposición en dispoñíbeis requirirase novo acordo ou ben o transcurso do prazo fixado pola Asamblea, en caso de que a non dispoñibilidade se acordara por tempo determinado.

A suficiencia de saldo verificarase sobre o nivel de vinculación xurídica.

4º.- As retencións de crédito e a non dispoñibilidade serán obxecto de contabilización conforme a Instrución de Contabilidade aprobada pola orde do MEF de 17.7.90.

-----  
Fundamento Legal.- TRLRHL art. 172, 173, 183 A 185; R.D. 500/90 24 a 26 e 30 a 33; Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, que substitúe e deroga á Orden EHA/4041/2004 de 23 de novembro.

#### BASE 18ª.- FASES DA XESTIÓN DE GASTOS.-

1º.-A xestión dos créditos incluídos nos estados de gastos do orzamento, realizarase nas seguintes fases:

- a/ **Autorización do gasto (A)**
- b/ **Disposición ou compromiso do gasto (D)**
- c/ **Recoñecemento e liquidación da obriga (O)**
- d/ **Ordenación de Pagos (P)**

Estas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 del RD.500/90.

#### **O recoñecemento da obriga, acreditarase do seguinte modo:**

Recoñecemento de obrigas individualizado: Mediante documento expedido ó efecto, coas firmas do Presidente e do Interventor/a.

A Ordeación do pago formal, sendo a Intervención do mesmo con carácter posterior, cando desde o Consorcio se pase copia dos expedientes para que sexan contabilizados á Intervención.

A realización efectiva do pago acreditarase nos correspondentes documentos "P" co recibo do interesado, co xustificante da transferencia bancaria ou coa copia do cheque expedido.

#### BASE 19ª.-ACUMULACIÓN DE FASES.-

1º.- Poderanse acumular varias fases da xestión de gastos nun solo acto administrativo. Por conseguinte, poderanse presentar as seguintes fases:

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

a/Autorización-Disposición.- documento "AD"

b/Autorización-Disposición-Recoñecemento da Obriga.- doc."ADO"

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos, que se ditas fases se acordasen en actos administrativos separados.

Fundamento Legal.-TRLRHL art. 184.2, R..D. 500/90 art. 67 e 68

## **BASE 20ª.-AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.-**

Con cargo ós créditos de gastos do orzamento xeral, a autorización e disposición dos mesmos corresponderá segundo os termos acordados nos estatutos do Consorcio.

Os documentos contables relativos a autorizacións e disposicións, irán xustificados pola certificación acreditativa do acordo adoptado.

## **BASE 21ª.-RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.-**

1º.- Corresponderá ó Presidente do Consorcio ou á Asamblea o recoñecemento e a liquidación de obrigas derivadas dos compromisos de gastos legalmente adquiridos, segundo as súas competencias.

2º.- O recoñecemento e liquidación das obrigas requirirá como trámite previo, que a xerencia, a presidencia ou responsable do servizo, dean a súa conformidade á factura, que se presente por calquera provedor.

## **BASE 22ª.-DOCUMENTOS SUFICIENTES PARA O RECOÑECEMENTO DA OBRIGA.-**

1º.- Gastos de persoal:

a/ As cotas á Seguridade Social xustificaranse coas correspondentes liquidacións bancarias.

b/ As dietas ó persoal aboaranse a partir da conta xustificativa do desprazamento realizado ou do servizo prestado. A acreditación do servizo realizarase polo Sr.Presidente nos documentos que para tal fin suministranse no anexo II destas bases, ou ben no mesmo documento de recibo de nómina. A firma de tales documentos polo Sr. Presidente terán a consideración de documentos ADO.

2º.- Para os gastos correspondentes ó capítulo IIº: esixirase a correspondente factura, que deberá de cumprir os requisitos esixidos polo R.Decreto 1619/2012 do 30 de novembro que deroga ó RD 1496/2003, salvo os casos previstos na norma citada ou en caso de que a contra prestación teña sido realizada por quen non sexa empresario ou profesional.

Neste caso poderá xustificarse o gasto mediante un recibo emitido polo subministrador ou prestador do servizo, no que conste o seu nome, CIF, importe e firma do recibi da cantidade correspondente, ou ben polo certificado de acordo do órgano competente.

3º.- Os gastos por subvencións, se tiver, co acordo de xustificación das mesmas.

4º.- Nos casos de inversión, expedirase certificación técnica, que virá acompañada necesariamente de factura. Tales certificacións terán o valor de Visto e Prace sinalado no punto 2º da base 21ª, e ademais que a obra, servizo ou suministro tense verificado con arranxo ás condicións técnicas que serviron de base á adxudicación.

## **BASE 23ª.-ORDEACIÓN DE PAGOS: PRIORIDADES.-**

1º.- A competencia para ordena-los pagos está atribuída ó Sr. Presidente.

A realización efectiva do pago efectuarase nos correspondentes documentos co recibi do interesado ou o xustificante de transferencia bancaria.

En todo caso, se respetará a seguinte orde de prioridades:

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

a/Gastos de persoal, por ser un gasto de carácter prioritario.

b/Obrigas recoñecidas nos exercicios anteriores

c/Obrigas do exercicio corrente coa seguinte orde:

\*Vinculadas a ingresos efectivamente recadados

\*Resultantes da prestación de servizos relacionados cos obxectivos do Consorcio.

d/As restantes obrigas recoñecidas.

Fundamento Legal.-TRLRHL arts 186 a 189; R.D. 500/90 arts 61,62 e 65.

CAPITULO IIº.-PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS

## **BASE 24ª.-INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO.-**

1º.- Os gastos por dietas, locomoción e outras indemnizacións imputaranse ó artigo 23 do estado de gastos.

O xustificante do gasto será o documento que para tal fin se entregará na Intervención de fondos no que constan tódolos datos necesarios para identificar o servizo e acompañarase de:

A) Conta subscrita polo interesado, segundo o establecido na base 22.1

B) Soamente en caso de pernocta fora do domicilio, esixirase factura completa acreditativa da pernocta.

C) En caso de que os citados gastos sexan incorporados á nómina mensual, non será necesario a conta do apartado A).

2º.- As cantidades a recibir serán conforme á normativa do Estado reguladora de tales indemnizacións e a xustificación realizarase conforme ó determinado nas presentes bases e nas bases de execución da Deputación Provincial de Ourense.

## **BASE 25º.-RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.-**

1º.- O persoal funcionario e laboral axustará as súas retribucións ó disposto na lei de Orzamentos Xerais do Estado e na restante lexislación vixente.

## **BASE 26ª.-SUBVENCIONES.-**

1º.- As subvencións outorgáranse con carácter xeral baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, desenvolvidos na lei xeral de subvencións, lei 38/2003, e na súa lexislación de desenvolvemento.

## **BASE 27ª.-CONSTITUCIÓN DE FIANZAS.-**

Se o Consorcio de Augas de Valdeorras se vira obrigado a constituír algunha fianza, a operación contable correspondente terá carácter de non orzamentaria.

CAPITULO IIIº.-GASTOS DE INVERSIÓN

## **BASE 28ª.-GASTOS DE INVERSIÓN.-**

1º.- Os gastos de inversión requirirán expediente administrativo previo, no que segundo a obra ou adquisición incorporarase a documentación que para o caso esixa a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2º.- Os límites para a contratación mediante procedemento negociado de obras, servizos, suministro, contratos de Asistencia Técnica, quedan fixados para este exercicio económico nas contías establecidas para cada un deles pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para os contratos non relacionados, seguiranse as regras xerais de aplicación ós mesmos.

CAPITULO IVº.-GASTOS MENORES

## **BASE 29ª.-GASTOS MENORES.-**

1º.- Os gastos menores defínense exclusivamente en razón á súa contía.

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

2º.- Nos contratos menores que se celebren polo Consorcio, o órgano de contratación responderá de que o contratista cumpre as esixencias previstas no artigo 118 e relacionados da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, salvo que estes extremos consten expresamente acreditados no expediente.

3º.- A aprobación do gasto realizarase conxuntamente coa disposición e o recoñecemento da obriga, expedíndose o documento "ADO".

CAPITULO Vº.-GASTOS PLURIANUAIS.

## **BASE 30ª.-GASTOS PLURIANUAIS.-**

1º.- A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para o exercicio económico se consigne nos respectivos orzamentos.

Ditos gastos estarán sometidos ó réxime previsto no artigo 174 da TRLHL e 79 a 88 do R.D 500/90 de 20 de Abril.

2º.- A execución do gasto deberá comezar no exercicio actual e so poderá afectar a:

- a/ Inversións e transferencias de capital
- b/ Arrendamentos de bens inmobles
- c/ Contratos de suministro, asistencia técnica, prestación de servizos, execución de obras de mantemento, arrendamento de equipos e máquinas.
- d/ Gastos financeiros.
- e/ Transferencias correntes.

3º.- A autorización de gastos plurianuais require certificación previa de Intervención, na que se acredite que non se superan os límites cuantitativos fixados na lei.

4º.- O acordo de Autorizar ou Dispoñer gastos plurianuais corresponde á Asamblea, salvo o disposto no artigo 21.1.ñ da Lei 7/85.

TITULO IVº.-FUNCIÓN FISCALIZADORA

## **BASE 31ª.- EJERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.-**

1º.- A función fiscalizadora será realizada polo Interventor/a do Consorcio. A función desempeñárase en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/85, artigo 204 e ss.

2º.- Ós efectos previstos no artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, a Intervención elevará o seu informe ó Pleno con ocasión da formación da Conta Xeral, cando conte con tódolos expedientes de gasto e ingresos do exercicio.

## **BASE 32ª.-NORMAS PARTICULARES DA FISCALIZACIÓN.-**

1º.- Non estarán suxeitas á fiscalización previa as fases de Autorizacións, Disposicións e Recoñecemento da obriga de gastos que correspondan a calquera dos enumerados no apartado 1º) do artigo 200 la Lei de Facendas Locais.

2º.- Posteriormente, debido á imposibilidade da fiscalización previa, ó recoñecemento da obriga de calquera gasto, pola Intervención de Fondos comprobarase en todo caso:

- a) Se existe crédito adecuado e suficiente.
- b) Se o soporte xustificativo é conforme ó previsto expresamente nas presentes bases.
- c) Que o órgano a quen se somete a aprobación do gasto é competente.

## **BASE 33ª.- GASTOS E INGRESOS REPARADOS POLA INTERVENCIÓN DE FONDOS**

1º.- De adoptarse acordos, resolucións ou actos que autoricen gastos nalgunha das seguintes condicións:

- a/ Para fins distintos dos admisibles pola vinculación xurídica.

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

b/ En contía superior ó crédito existente nos estados de gastos a nivel de vinculación xurídica.

Estes se reputarán nulos ó igual que as ordes de pago a eles referidas, sen prexuízo das responsabilidades a que teña lugar.

2º.- Dos acordos de contido económico que teñan sido adoptados sen previo informe da Intervención de Fondos, non poderá esixirse ó Órgano Interventor responsabilidade ningunha.

3º.- Ós efectos previstos na lei 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, polo Interventor/a deixarase constancia escrita e fundada da posible ilegalidade do acordo ou resolución adoptada. Igualmente, farase constar o modo de reconducir á legalidade o actuado, se for posible.

## TITULO Vº - DA TESOURERÍA

### BASE 34ª.-DA TESOURERÍA.-

1º.- Integran la Tesourería tódolos recursos financeiros do Consorcio, tanto por operacións orzamentarias coma por operacións non orzamentarias.

2º.- A Tesourería se rexe polo principio de Caixa única e non afectación dos recursos.

3º.- A xestión dos recursos levarase a cabo baixo os principios da máxima rendibilidade , asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas temporais.

### **En aras ó principio de máxima rendibilidade, a Tesourería poderá atender pagos antes do seu vencemento previsto sempre que se dean as seguintes condicións:**

Que exista excedente de caixa, ou que os gastos teñan a consideración de afectados e se dispoña dos fondos antes do vencemento da obriga de pago.

Que o contratista outorgue a correspondente compensación en forma de desconto por pronto pago.

-----

Fundamento Legal.-TRLRHL art 194 e ss.; R.D 500/90 art 65.

## CAPITULO IIº.-COMPROMISOS DE INGRESOS E RECOÑECIMENTO DE DEREITOS

### BASE 35ª.-TIPOS E CONTABILIZACIÓN.-

1º.- Existe compromiso de ingreso a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras, cando mediante acto, acordo ou concerto firme, calquera persoa física, xurídica, pública ou privada, obrigue ó mesmo en forma pura ou condicionada.

2º.- No caso das transferencias ou subvencións que sexan condicionadas, cando se cumpra a condición e se xustifique o gasto, recoñecerase o dereito.

3º.- A contabilidade e soporte documental destas operacións realizaranse conforme o preceptuado na Instrución de contabilidade para municipios de máis de 5.000 habitantes.

### BASE 36ª.- RECOÑECIMENTO DE DEREITOS: CONTABILIZACIÓN.

1º.- Cando se produza liquidación de dereitos en favor do Consorcio de Augas de Valdeorras e se teña coñecemento diso, procederase ó recoñecemento dos dereitos, mediante os asentos previstos na Instrución de Contabilidade.

2º.- Se producira un exceso de dereitos recoñecidos sobre a cantidade orzamentada, o importe deste exceso unha vez recoñecido, poderá constituír recurso para modificacións de crédito.

3º.- As átoliquidacións así como os dereitos que se xeren por intereses, rendas, imprevistos e outros similares, recoñeceranse no momento do ingreso.

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

## **BASE 37ª.- CONTABILIZACIÓN DOS COBROS.-**

- 1º.- Os ingresos procedentes das aportacións dos Concellos serán controlados pola Tesourería, e contabilizados polo principio de caixa.
- 2º.- Os ingresos por Caixa serán controlados pola Tesourería.
- 3º.- Os abonos nas contas de ingreso serán controlados pola Tesourería do Consorcio.

## **BASE 38ª.-DAS FIANZAS E DEPÓSITOS RECIBIDOS.-**

As fianzas e depósitos que deban constituírse en favor do Consorcio, con independencia do acto que as motive, terán tratamento contable de operacións non orzamentarias.

## **CAPITULO IIIº.-DEVOLUCIÓN DE INGRESOS**

### **BASE 39ª.-DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.-**

- 1º.- A devolución de ingresos indebidos e a rectificación dos erros materiais e de feito farase segundo o establecido na Lei Xeral Tributaria.

## **TITULO Vº.-LIQUIDACIÓN E PECHE DO EJERCICIO**

### **BASE 40ª.-OPERACIÓN NO ESTADO DE GASTOS.-**

- 1º.- A liquidación e peche do estado de gastos e ingresos efectuarase a data 31/12/2021, mediante as operacións que establece a nova Instrución de Contabilidade aprobada pola Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro.

- 2º.- Con carácter previo a tales operacións revisarase que non fica acordo, acto ou resolución recoñecendo obriga, sen documentar e contabilizar en fase "O".

- 3º.- Imputaranse ó exercicio seguinte as obrigas recoñecidas ata o 31 de xaneiro do ano, sempre que correspondan a gastos realizados ata a expiración do exercicio orzamentario e con cargo ós respectivos créditos.

- 4º.- Tamén se comprobará que están efectiva e correctamente contabilizados os dereitos e que non queda dereito recoñecido pendente de contabilizar.

Fundamento Legal.-TRLRHL art. 191 e ss;R.D.500/90 art. 89 e ss

### **BASE 41ª.-REMANENTES DE TESOURERÍA.-**

- 1º.- Integran os Remanentes de Tesourería a suma dos dereitos pendentes de cobro menos as obrigas de pago máis os fondos líquidos de Tesourería.

- 2º.- O Remanente de Tesourería axustado será fonte de financiación de modificacións orzamentarias no exercicio seguinte á súa produción.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA.-**

Para o non previsto nas presentes Bases e no seu defecto, nas Bases de execución da súa ente matriz, a Deputación Provincial de Ourense, estarase ó disposto na vixente Lexislación Local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei Xeral Tributaria e demais normas do Estado e da Comunidade Galega que sexan de aplicación, así como o que resolva a Asemblea do Consorcio, previo informe da Secretaría.

### **SEGUNDA.-**

O Presidente é o órgano competente para a interpretación das presentes bases, previo informe da Secretaría ou da Intervención, segundo as súas respectivas competencias.

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

TERCEIRA.-

As presentes bases entrarán en vigor na data de publicación definitiva do Orzamento Xeral Ordinario deste Consorcio para o ano 2023, sendo os seus efectos dende o 1 de xaneiro ata o día 31 de Decembro de 2023.

Ourense a 12 de xaneiro de 2023

O PRESIDENTE

Pablo Pérez Pérez

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

ANEXO IIº

GASTOS DEVENGADOS POR INDEMNIZACION. SERVICIO DE PERSOAL

XUSTIFICACIÓN DA COMISIÓN DO SERVIZO  
RD 462/2002 DE 24 DE MAIO DE 2002 e normas complementarias

ORDE DO SERVIZO Co obxecto de cubrir o seguinte servizo

PROPOSTA DE GASTO

Para a debida xestión

do.....

É precisa a asistencia de D/Dª .....

Gasto que se calcula en ..... euros

Ourense, a..... de ..... de 2021

Asdo.:

INFORME DE INTERVENCIÓN

Cumprindo o disposto no art. 214.2 a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e nas bases de execución do Orzamento Xeral vixente, realízase a fiscalización previa do gasto a que se refire a anterior proposta, estimándoo procedente e legal. Existe crédito suficiente para a citada atención na aplicación orzamentaria.....do vixente Orzamento .

Corresponderá, no seu caso, a autorización do gasto á .....

Os efectos previstos no RD 500/1990, considérase xa informada en sentido favorable a orde que poida autorizar o gasto por importe non superior ó da proposta.

Ourense, a ..... de ..... de 2023

A INTERVENTORA

Data de saída:

Data de regreso:

GRUPO/SUBGRUPO:

DECLARACIÓN DO FUNCIONARIO/POLÍTICO

Declaro baixo xuramento que realicei os servizos que a continuación se detallan, nos lugares e nas datas que se indican:

SERVIZO ENCOMENDADO	LUGAR	DATAS E HORAS

Ourense, a ..... de ..... de 2023

Asdo.: .....

LIQUIDACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS

POR AXUDAS DE CUSTO	POR GASTOS DE VIAXE	RESUMO DE GASTOS
Nº importe		Axudas de custo.....

# CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

<u>total</u>		
Enteiras:	Matrícula	Gastos de viaxe.....
Reducidas:	Kilómetros	
- Aloxamento	Autoestrada:	Íntegro .....
- Manutención	Aparcamiento:	
- ½ manutención	Taxis:	Imp. € sobre axudas de custo.....
TOTAL:	TOTAL:	LÍQUIDO RECIBIDO POR ANTICIPO.....
GRUPO:		A PERCIBIR.....